


PLAN DE COMUNICACIÓN

2023-2025



V01 – decembro de 2023

Plan de Comunicación

Introdución	3
Obxectivos.....	7
Axentes, destinatarios e alcance	9
Axentes.....	9
Colectivos destinatarios.....	9
Alcance	10
Canles de comunicación.....	11
Canles internas	11
Canles externas	11
Plan de accións de comunicación	12
Recursos	15
Avaliación e seguimento.....	16
Indicadores.....	17
Anexo I. <i>Benchmarking</i> con outros centros	18
Anexo II. Seguimento de redes sociais	20

Aprobado polo Comité de Dirección o 1 de decembro de 2023

Rosa M. Crujeiras Casais
Directora Científica do CITMaga

Introdución

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga) créase mediante convenio das tres universidades públicas de Galicia, co obxecto de integrar as capacidades científicas do ámbito das Matemáticas, compartindo visión e estratexia e cunha clara aposta pola transferencia de coñecemento. Coa motivación de fomentar unha cultura colaborativa, que busque a excelencia na investigación, a innovación, a formación e a divulgación, CITMAga aspira a converterse nun Centro de referencia nacional e internacional, constituíndo unha contorna atractiva para o desenvolvemento científico e profesional.

Visión e estratexia: Compartimos visión e estratexia para aproveitar a capacidade e reputación actual das Matemáticas Galegas para crear unha entidade de I+D sostible, con relevante impacto académico, social e económico.

Capacidades científicas: Integramos as capacidades científicas máis competitivas das tres Universidades nunha Axenda Científica común, aliñada cos programas marco europeos, a Estratexia Estatal de Innovación e a RIS3 de Galicia.

Compromiso coa transferencia: Asumimos a aposta pola transferencia como estratéxica, dotando á industria rexional e nacional dunha vantaxe competitiva sostible mediante o fácil acceso á tecnoloxía habilitante líder a nivel mundial.

O plan estratéxico do CITMAga apóiase nun **plan de acción** para o período 2022-2025 articulado en sete grandes eixos nos que o centro pretende acadar niveis de excelencia e converterse en referente nacional e internacional: E1: Cultura; E2: Gobernanza, organización e xestión; E3: Investigación; E4: Recursos Humanos; E5: Formación; E6: Innovación e Transferencia; E7: Divulgación da Ciencia. Sete piares que sustentarán a consolidación e posta en marcha do centro. Neste plan de acción, CITMAga plasma o seu compromiso coa comunicación, a divulgación e a transmisión do coñecemento xerado a través de diferentes medidas, tamén en consonancia coas correspondentes dimensións da Ciencia Aberta.

Todos os eixos estratéxicos contemplan accións e/ou medidas que inclúen de xeito específico aspectos relativos á comunicación, **interna e/ou externa**, do centro. En concreto, no **Eixo estratéxico 1. Cultura**, o obxectivo estratéxico vinculado é “crear cultura de centro” que inclúen a **acción “deseñar a política de comunicación interna e externa do centro”**. Esta acción recolle estas dúas medidas:

Medida 1. Plan de Comunicación Interna

- Definir unha canle de comunicación interna (p.e. newsletter, intranet, etc.) para publicar as novas de interese para as persoas membro de CITMAGA, como por exemplo, oportunidades de financiamento, congresos Internacionais, programación de xuntanzas, notas das reunións do Comité de Dirección, etc.
- Programar reunións periódicas para os diferentes colectivos.

Medida 2. Plan de Comunicación Externa

- Crear a imaxe corporativa de CITMAGA (en convivencia coa de ITMATI), normalizando documentos, presentacións, etc.
- Crear a web do CITMAGA manténdoa periodicamente actualizada
- Establecer canles de comunicación con axentes chave e definir as accións correspondentes para cada colectivo (outros centros de investigación, sociedades científicas, redes de centros, asociacións):
 - Dar a coñecer na comunidade científica nacional e internacional a CITMAGA
 - Dende ITMATI, promocionar as capacidades, potencialidades e fitos entre as empresas clientes e potencialmente colaboradores.
 - Establecer un marco de colaboración con institucións da rexión para promover a participación en xornadas e sesións informativas, visitas institucionais, etc.
 - Promover o contacto continuo dende as universidades coas persoas candidatas a realizar estudos de doutoramento (estudantado de grao e mestrado), dando a coñecer as oportunidades profesionais en investigación e a axenda científica do centro.
- Establecer contactos con medios de comunicación tradicionais e dixitais de ámbito autonómico e nacional, así como con axencias de divulgación da ciencia.

Dende a creación do CITMAGA, téñense dado pasos implementando parcialmente estas medidas. Así, nos primeiros meses do centro estableceuse unha imaxe de marca e elaboráronse formatos estandarizados para distintos tipos de documentos, que a comunidade do CITMAGA ten á súa disposición. Asemade, creouse a páxina web, que se mellora continuamente e se mantén actualizada polo persoal do centro. Tamén se estableceron contactos con medios de comunicación, tanto tradicionais como dixitais, se ben non se seguiu unha sistemática nestes, atopando marxe de mellora para a implantación dunha política de comunicación externa do centro a través deste plan de comunicación.

Por outra banda, unha das medidas a levar a cabo para a consecución do desenvolvemento do **Eixo estratéxico 7. Divulgación da Ciencia** e a acción **“deseñar e implantar un plan de divulgación e difusión da ciencia”**, á que CITMAGA dá resposta coa elaboración deste plan. A través desta acción o que se pretende é que as actividades de divulgación promovidas polo CITMAGA vaian destinadas a chegar a unha gran audiencia de diferentes campos científicos, así como á sociedade en xeral, proporcionando coñecemento, experiencia e difusión sobre os temas incluídos nos distintos proxectos do centro. O establecemento de sinerxías con

outros axentes do tecido de I+D+i e da difusión da ciencia estará tamén presenta na estratexia a seguir. As medidas previstas para a implementación da acción son as seguintes:

Medida 1. Calendario de Divulgación e Difusión

O CITMAga deseñará un Calendario de Divulgación e Difusión anual, que recollerá as diferentes actividades nas que os membros participen ou organicen. Este calendario será un documento vivo e dinámico, en constante actualización, e que servirá de orientación da folia de ruta a seguir en canto á difusión de actividades.

Medida 2. Boletín do CITMAga

A nivel interno, o CITMAga tamén promoverá a difusión dun boletín de periodicidade quinquenal, informando sobre os principais avances logrados na Axenda Científica, difundindo novas sobre temas emerxentes, destacando a participación dos membros da rede CITMAga nas actividades e servindo de servizo informador da presenza do centro en diversos eventos de carácter científico.

Medida 3. Actividades científicas

A nivel externo, o Centro organizará seminarios científicos, congresos, xornadas, cursos e obradoiros conxuntos con científicos, persoal investigador en diferentes áreas do coñecemento e diferentes institucións e organismos públicos e privados. Outro punto clave neste sentido é a colaboración en actividades de divulgación ca industria, así como noutras conferencias e obradoiros cunha participación activa do sector industrial

As medidas 2 e 3 foron atendidas dende a creación do CITMAga. Dende febreiro do ano 2022, CITMAga publica e difunde a todo entorno vinculado un boletín informativo da nosa actividade “Boletín de Novas”. Desta forma, fíxose posible que no ano 2022 foran publicados 17 boletíns e no ano 2023 un total de vinte boletíns. Estes boletíns están dispoñibles na páxina web do centro: “Boletíns”. Tamén foi notable a actividade científica do centro, dando resposta á Medida 3.

Nunha análise realizada polo Comité de Dirección sobre a actividade de divulgación do CITMAga, concluíuse a necesidade de crear unha Comisión de Divulgación Científica, formalizándoa a través da modificación do Regulamento de Réxime Interno do centro en xullo de 2023. Esta comisión xa está operativa e ten como tarefa a formalización da medida 1: a elaboración do calendario de divulgación do CITMAga.

Porén, estas accións, xunto coas correspondentes ao eixo estratéxico 1 orientado á creación da cultura de centro, só cobren unha parcialmente o que debería ser unha estratexia global de comunicación, tanto interna como externa do CITMAga, sendo necesaria a formalización dun plan de comunicación cun alcance máis amplo.

Este plan de comunicación preséntase aliñado co plan de acción 2022-2025, como plan operativo para apoiar a consecución dos obxectivos de comunicación que se fixarán no seguinte epígrafe, incluíndo asemade as accións xa consideradas no plan inicial (nos eixos

estratéxicos 2 e 4, ligadas a creación de cultura de centro e divulgación), cun maior detalle no seu despregue.

Finalmente, debe notarse que, se ben non se inclúe explicitamente nos distintos epígrafes, este plan de comunicación elabórase apoiado nunha actividade de *benchmarking* con outros centros (Anexo I) e do seguimento das redes sociais do centro (Anexo II) nesta etapa inicial.

Obxectivos

O plan estratéxico do CITMAga establece sete obxectivos estratéxicos, que se enumeran a continuación:

Obxectivos estratéxicos

- OE1. Crear cultura de Centro.
- OE2. Poñer en funcionamento e organizar a CITMAga.
- OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva.
- OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes.
- OE5. Contribuír a crear as novas xeracións de persoal científico en Matemáticas.
- OE6. Contribuír a resolver os retos da sociedade do século XXI.
- OE7. Facer partícipe á sociedade nos avances científicos.

A creación da cultura de centro (OE1) e o facer partícipe á sociedade nos avances científicos (OE7) son obxectivos estratéxicos que necesariamente requiren dunha actividade comunicativa (interna e externa) importante. Por iso, establécense neste plan de comunicación uns **obxectivos estratéxicos de comunicación** que veñen a concretar aspectos concretos dos obxectivos xerais. Ditos obxectivos estratéxicos de comunicación organizanse, polo seu alcance, en obxectivos internos e externos.

Obxectivos internos

- [OC.I.01] Acadar a integración dos membros e entidades que forman parte do CITMAga no seu proceso de comunicación para favorecer o desenvolvemento de sinerxias a nivel científico e no eido da I+D+i en Matemáticas.
- [OC.I.02] Fomentar que toda a rede do CITMAga¹ sexa coñecedora, consciente e sabedora das actividades e eventos que se desenvolvan no relativo á comunicación científica.
- [OC.I.03] Desenvolver a documentación interna sobre os procesos comunicativos que se leven a cabo no CITMAga, así como as guías orientativas para que o persoal do centro coñeza os procedementos, directrices e política de comunicación para a difusión das actividades científicas do mesmo.
- [OC.I.04] Establecer unha liña de comunicación dinámica, operativa e eficaz, soportada por unha persoa experta en divulgación científica das Matemáticas que apoie o equipo técnico do CITMAga neste ámbito.

¹ Entendemos por rede do CITMAga a todo aquel persoal investigador e técnico que ten algún tipo de relación con CITMAga (actual ou pasado, pero que mantén contacto co centro), así como outras persoas, xeralmente membros do colectivo investigador das universidades que participan en CITMAga, que solicitaron entrar nas nosas listas de distribución.

[OC.I.05] Desenvolver procesos internos para compartir o coñecemento e a innovación en materia de comunicación, mediante a recompilación de novas propostas, ideas ou actividades. De forma periódica, contactarase co persoal do CITMAGA para invitar á proposta de realización de actividades, dando soporte dende o centro para a súa organización.

[OC.I.06] Convidar a todo o persoal do CITMAGA de nova incorporación (persoal investigador vinculado, colaborador, en formación, propio ou en prácticas) a sumarse á nosa rede a través da súa subscrición a nosa listaxe de distribución (canle correo-e) e ao noso boletín.

Obxectivos externos

[OC.E.01] Poñer en coñecemento do tecido económico e social (primeiramente en Galicia, pero con proxección nacional e internacional) os resultados das actividades de I+D+i no ámbito das Matemáticas que se realizan en CITMAGA.

[OC.E.02] Amosar o impacto social, económico e humanístico dos proxectos levados a cabo polo CITMAGA como elemento tractor do sistema de I+D+i.

[OC.E.03] Consolidar unha presenza activa en congresos, seminarios, xornadas, obradoiros e demais actividades científicas, a nivel nacional e internacional.

[OC.E.04] Dar a coñecer o CITMAGA, construíndo unha imaxe de marca propia nas canles das redes sociais para acadar unha posición referente a nivel autonómico, nacional e internacional.

[OC.E.05] Potenciar o público das redes sociais como un destinatario activo e aproveitar a xestión comunicativa, directa e dinámica das redes sociais para transmitir proxectos audiovisuais de alto impacto.

[OC.E.06] Diseñar e implementar iniciativas, campañas e proxectos audiovisuais nas redes sociais para divulgar as Matemáticas e convidar á participación e conectividade da xuventude ás nosas redes sociais.

[OC.E.07] Espertar novas vocacións científicas entre a mocidade a través da presenza nas redes sociais e o alto impacto dos nosos proxectos audiovisuais.

[OC.E.08] Apoiar a visibilidade do persoal investigador, nos distintos estadios da súa carreira, no ámbito nacional e internacional para crear unha marca propia CITMAGA e atraer talento investigador externo.

[OC.E.09] Consolidar a CITMAGA como referente experto no ámbito das Matemáticas ante os medios de comunicación.

No que segue, defínense os axentes e destinatarios neste plan de comunicación do CITMAGA, así como o alcance esperado a nivel autonómico, nacional e/ou internacional. Presentaranse tamén as distintas canles de comunicación consideradas para o desenvolvemento das accións de comunicación integradas neste plan.

Axentes, destinatarios e alcance

Axentes

Son axentes do plan de comunicación do CITMAGA todas aquelas persoas, colectivos, órganos e cargos do centro cuxa colaboración sexa necesaria para levar a cabo as accións de comunicación previstas, como comunicadores ou como xeradores de contido. En concreto, cabe salientar os seguintes:

Dirección Científica e Dirección Adxunta de Transferencia, como responsables do desenvolvemento das accións, así como do seu seguimento e avaliación, apoiados polo Comité de Dirección.

Comisión de Divulgación Científica, como órgano de apoio á dirección en materia de divulgación e cultura científicas, co encargo recollido no Regulamento de Réxime Interna do centro de velar polo impulso e seguimento das accións de cultura científica, tecnolóxica e innovadora a través da educación, a formación e a divulgación no ámbito educativo e no conxunto da sociedade.

Persoal investigador e técnico do CITMAGA, como xeradores e xestores de contidos para as distintas canles de comunicación consideradas no plan.

Colectivos destinatarios

Consideramos destinatarios internos (persoal investigador e técnico do CITMAGA así como membros dos seus órganos de goberno e asesoramento) e destinatarios externos. Nótese que, no caso dos destinatarios internos, os colectivos directamente vinculados ao CITMAGA son á súa vez axentes e destinatarios.

Destinatarios internos

[DI.01] Persoal do CITMAGA: persoal investigador vinculado, persoal investigador colaborador, persoal investigador en formación, persoal propio (investigador e técnico) e estudiantado en prácticas.

[DI.02] Membros dos seus órganos de dirección e asesoramento do CITMAGA: Comité Asesor Científico Externo, Comité Asesor Industrial e Consello Reitor

Destinatarios externos

[DE.01] Cidadanía, axentes do tecido produtivo/empresarial e administracións, con especial énfase nas entidades financiadoras, autonómicas, nacionais e internacionais, en particular

A Xunta de Galicia e os seus entes dependentes con competencias en ciencia, universidades e innovación (Axencia Galega de Innovación e Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,...).

O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España (ou a estrutura ministerial na que recaian as competencias de ciencia, investigación, innovación e/ou universidades), a Agencia Estatal de Investigación (AEI), o Centro para el Desarrollo Tecnológico y la Innovación (CDTI), a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), así como organismos da Comisión Europea e entes relacionados.

[DE.02] Institucións e centros de investigación, con especial relevancia os ligados ao ámbito das Matemáticas nacionais e internacionais.

[DE.03] Comunidade das entidades que integran o CITMAga (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) así como a doutras universidades que desenvolvan actividades científicas e formativas no ámbito matemático, a nivel nacional e internacional. Serán obxecto de especial atención o colectivo de estudantado de grao, mestrado e doutoramento.

[DE.04] Outras institucións e estruturas do ecosistema de I+D+i con potencial interese nas Matemáticas, así como sociedades científicas.

[DE.05] Medios e canles de comunicación xerais e especializados na divulgación pública da ciencia, de ámbito autonómico e nacional.

Alcance

As accións que se prevén neste plan poden ir dirixidas ao colectivo interno (rede CITMAga) ou a un colectivo destinatario externo, considerando diferentes alcances dende unha perspectiva territorial. Se ben hoxe en día, considerando as redes sociais como unha das principais plataformas de comunicación, o alcance podería considerarse por defecto internacional (ao tratarse de plataformas globais), somos conscientes de que o uso de galego, castelán e/ou inglés condiciona de feito o alcance das nosas publicacións. Por iso, o alcance das accións podería ser nacional e internacional ao mesmo tempo, dependendo do idioma utilizado.

Canles de comunicación

Considéranse para o desenvolvemento das accións recollidas neste plan unha serie de canles internas e externas de comunicación.

Canles internas

- Correo-e, a través de listas de distribución do persoal do CITMAGA.
- Boletíns quinquenais.
- Páxina web do CITMAGA.
- Xuntanzas con distintos colectivos.
- Cuestionarios de envío de propostas e recompilación de información.
- Memorias anuais do CITMAGA, publicadas na páxina web.

Cabe salientar que os boletíns quinquenais do CITMAGA xa foron implementados en febreiro de 2022. Dende esa data, CITMAGA remite cada dúas semanas (como norma xeral) a todo entorno vinculado o “Boletín de Novas”. No ano 2022 publicáronse dezasete boletíns e no ano 2023 (ata o 30/11/23) un total de vinte boletíns. Ademais de remitilos por correo-e, os boletíns póñense accesibles para todo o público na páxina web do centro.

Asemade, a páxina web do CITMAGA é un portal virtual informador das actividades do Centro que conta cun deseño estético, funcionalidades para a navegación dos usuarios e unha actualización constante. Esta web inclúe información sobre a estrutura organizativa do CITMAGA, as liñas de investigación, as actividades, os proxectos de divulgación científica e as últimas novas máis relevantes relacionadas co CITMAGA, entre outros contidos.

Canles externas

Entre as canles de comunicación

- Congresos científicos do ámbito das Matemáticas, eventos tecnolóxicos, xuntanzas e visitas a outros centros de investigación.
- Material de difusión da actividade do centro, en formato físico ou audiovisual.
- Taboleiros de anuncios, físicos e dixitais, situados nos centros de ensino superior STEM do SUG.
- Medios de comunicación xerais.
- Redes sociais e plataformas dixitais: Youtube, X, LinkedIn e Instagram.
- Páxina web do CITMAGA, en especial, as seccións correspondentes ao boletín, a memoria anual, a zona de divulgación e actualidade e o portal de transparencia.
- Comunidade Zenodo do CITMAGA, en liña coa política de ciencia aberta do centro.
- Visitas a centros educativos e xornadas de portas abertas como centro de referencia en Matemáticas.

Plan de accións de comunicación

Preséntanse a continuación as accións que compoñen este plan de comunicación para o período 2023-2025, indicando as persoas ou órganos responsables da súa implantación, os axentes implicados, destinatarios, medios e indicadores ou evidencias asociadas. En xeral, trátase de accións de carácter continuado no tempo.

AC-01	Consolidar o boletín de novas como principal canle de comunicación interna do CITMAGA		
Descrición	Revisión dos contidos que se inclúen actualmente no boletín, a través dunha enquisa dirixida á comunidade que o recibe. Revisión de boletíns doutros centros para mellorar deseño e contidos.		
Obxectivos	OC.I.01, OC.I.02, OC.I.05, OC.I.06		
Responsable	Dirección Científica	Axentes	Dirección Científica Dirección Adxunta de Transferencia Comité de Dirección Persoal do CITMAGA
Destinatarios	DI.01 DI.02	Medios	Boletín Correo-e Páxina web Cuestionarios
Indicadores	IC.03	Evidencias documentais	Boletíns xerados Páxina web
Período de execución	Continuo	Alcance	Interno

AC-02	Definir un calendario de xuntanzas periódicas para os distintos colectivos		
Descrición	Definir e implantar un calendario de xuntanzas periódicas para os distintos colectivos, en formato presencial e híbrido, que permitan ao colectivo do CITMAGA dispor de información máis aló do boletín, establecer sinerxías entre os membros e achegar propostas.		
Obxectivos	OC.I.01, OC.I.02, OC.I.05, OC.I.06		
Responsable	Dirección Científica	Axentes	Dirección Científica Dirección Adxunta de Transferencia Comité de Dirección Persoal do CITMAGA
Destinatarios	DI.01 DI.02	Medios	Xuntanzas
Indicadores	IC.26 IC.27	Evidencias documentais	Nº xuntanzas Nº persoas participantes
Período de execución	Continuo	Alcance	Interno

AC-03	Definir, implantar e consolidar unha estratexia de redes sociais		
Descrición	Avaliar o funcionamento das redes sociais do CITMaga para propor estratexias e accións que permitan consolidar o posicionamento do centro como referente no ámbito das Matemáticas, inicialmente con alcance autonómico e nacional, pero coidando tamén a relación con centros e redes internacionais.		
Obxectivos	OC.I.03, OC.I.04, OC.I.05 OC.E.01, OC.E.02, OC.E.04, OC.E.05, OC.E.07, OC.E.08		
Responsable	Dirección Científica	Axentes	Dirección Adxunta de Transferencia Comité de Dirección Comisión de Divulgación Persoal do CITMaga
Destinatarios Indicadores	DE.01-DE.05	Medios Evidencias documentais	Redes sociais Informes de revisións periódicas do funcionamento das redes do centro
	IC.04-IC.13		
Período de execución	2023 (deseño) 2024 (implantación) 2025 (consolidación)	Alcance	Autonómico, nacional e internacional

AC-04	Deseñar e implantar o calendario de actividades de divulgación do CITMaga		
Descrición	De acordo co establecido no plan de acción que apoia ao plan estratéxico do CITMaga, no seu Eixo Estratéxico 7, inclúese unha medida concreta para o deseño e implantación do calendario de actividades de divulgación do CITMaga, onde se priorice en que actividades se participará. Como exemplo, incluíranse neste calendario os eventos relacionados co Mes da Ciencia e a G-Night.		
Obxectivos	OC.E.01, OC.E.02, OC.E.04, OC.E.05, OC.E.07, OC.E.09		
Responsable	Comisión de Divulgación Científica	Axentes	Comité de Dirección Persoal do CITMaga
Destinatarios	DE.01	Medios	Páxina web Boletín de novas Cuestionarios
	DE.03 DE.05		
Indicadores	IC.17-IC.18	Evidencias documentais	Calendario de actividades Relación de actividades
Período de execución	2024	Alcance	Autonómico e nacional

AC-05	Promocionar a investigación e a actividade de transferencia que se fai no CITMAGA e ao seu persoal investigador		
Descrición	Recompilar información sobre proxectos, casos de éxitos, actividades do persoal do CITMAGA, etc. co fin de elaborar material para a promoción da actividade de investigación e de transferencia do CITMAGA, a través do boletín, das redes sociais e de medios de comunicación. En liña con plan de igualdade do CITMAGA, coídarase especialmente a promoción das investigadoras do centro.		
Obxectivos	OC.E.07, OC.E.08, OC.E.09		
Responsable	Dirección Científica	Axentes	Dirección Adxunta de Transferencia Comité de Dirección Persoal do CITMAGA
Destinatarios	DE.01-DE.05	Medios	Redes sociais Medios de comunicación Boletín Cuestionarios Memorias anuais
Indicadores	IC.01 IC.02 IC.14-IC.16	Evidencias documentais	Material e elementos promocionais elaborados Mencións en medios de comunicación
Período de execución	2024-2025	Alcance	Nacional e internacional

AC-06	Difundir proxectos audiovisuais do CITMAGA nas redes sociais		
Descrición	Xestionar a produción, organización, deseño, consolidación e difusión de proxectos audiovisuais nas redes sociais a través de iniciativas como DICTIOMAGA ou o Consultorio VídeoMatemático. Asemade, tamén se elaborará material audiovisual orientado ao tecido produtivo e á industria.		
Obxectivos	OC.I.01, OC.I.02 OC.E.01, OC.E.02, OC.E.04, OC.E.05, OC.E.06, OC.E.07		
Responsable	Comisión de Divulgación	Axentes	Comité de Dirección Persoal do CITMAGA
Destinatarios	DI.01 DE.01-DE.03, DE.05	Medios	Boletín Páxina web Redes sociais
Indicadores	IC.04- IC.09-IC.17	Evidencias documentais	Material audiovisual xerado Proxectos específicos
Período de execución	Continuo	Alcance	Autonómico e nacional

AC-07	Difundir a presenza de CITMAga en eventos científicos		
Descrición	Contando xa cunha presenza consolidada do persoal de CITMAga nos principais eventos científicos (nacionais e internacionais, de investigación e transferencia) do ámbito das Matemáticas, preténdese con esta acción poñer en valor esta labor, de xeito interno e para a comunidade científica.		
Obxectivos	OC.I.02, OC.I.05 OC.E.01, OC.E.02, OC.E.03, OC.E.08, OC.E.09		
Responsable	Dirección Científica	Axentes	Dirección Adxunta de Transferencia Persoal do CITMAga
Destinatarios	DI.01-DI.02 DE.02-DE.05	Medios	Páxina web Redes sociais Boletín Congresos científicos
Indicadores	IC.01-IC.02	Evidencias documentais	Entradas no boletín de novas
Período de execución	Continuo	Alcance	Nacional e internacional

AC-08	Difundir a actividade científica de CITMAga en aberto		
Descrición	En liña coa estratexia de Ciencia Aberta do centro, as accións relativas ao acceso aberto a datos, código, protocolos e Ciencia Cidadá, comunicaranse de xeito adecuado interna e externamente.		
Obxectivos	OC.I.01, OC.I.02 OC.E.01, OC.E.02, OC.E.04, OC.E.08		
Responsable	Dirección Científica	Axentes	Comité de Dirección Persoal do CITMAga
Destinatarios	DI.01 DE.01-DE.02 DE.04	Medios	Boletín Páxina web Redes sociais Congresos científicos Comunidade Zenodo
Indicadores	IC.14-IC.16 IC.20	Evidencias documentais	Actualización do portal Zenodo
Período de execución	Continuo	Alcance	Nacional e internacional

Recursos

Se ben non se asignan recursos de xeito individualizado para cada acción, na elaboración anual do orzamento do CITMAga terase en conta a implementación do plan de comunicación, dotando este ámbito de financiamento para a súa execución. Inicialmente, considerarase a contratación do servizo de redes sociais (en principio, externalizado), a produción de material audiovisual e as contías necesarias para dar soporte ás actividades de divulgación. A medio prazo, CITMAga prevé contar con persoal propio e estable para atender un gabinete de comunicación e divulgación.

Avaliación e seguimento

O seguimento e avaliación do plan de comunicación desenvolverase de xeito anual nas seguintes etapas.

Fase 1. Recompilación de información

A Unidade de Xestión da I+D+i do CITMaga levará un rexistro de todas as actividades desenvolvidas en materia de comunicación, recollendo a información oportuna para o cálculo de indicadores de rendemento. Esta información será facilitada aos responsables de cada unha das accións (Dirección Científica, Dirección Adxunta ou Comisión de Divulgación Científica) para a avaliación das actividades.

Fase 2. Elaboración do informe de seguimento anual

De xeito anual, baixo a coordinación da dirección, elaborárase un informe que recolla o avance das accións e a evolución dos indicadores correspondentes.

Fase 3. Avaliación da execución e actualización

O informe anual do plan de acción será presentado ao Comité de Dirección do CITMaga, que propondrá as modificacións oportunas para a súa actualización e/ou renovación.

Fase 4. Información

A revisión do plan de comunicación será trasladada ao Consello Reitor, como parte da revisión anual do plan de acción do centro. Asemade, os resultados das accións deste plan de comunicación serán incluídos na memoria anual do CITMaga.

Indicadores

Para a revisión do rendemento das accións, propónse unha serie de indicadores que se definen a continuación. Para algúns indícase o valor basal acadado en 2022, a partir do que se fixan os obxectivos anuais, nun rango no que o segundo valor sería o obxectivo anual ao final do plan.

Indicador	Definición	Valor 2022	Obxectivo anual
IC.01	Nº mencións en medios de comunicación xerais e/ou especializados	147	150-200
IC.02	Nº medios comunicación diferentes nos que CITMAGA tivo repercusión	58	60-70
IC.03	Nº boletíns de novas publicados	17	
IC.04	Nº seguidores en X	572	600-700
IC.05	Nº chíos publicados en X	755	700-800
IC.06	Nº impresións totais en X	305K	350K-400K
IC.07	Nº interaccións totais en X	16K	16K-18K
IC.08	Nº “likes” en X	3.8K	4K-5K
IC.14	Nº “likes” en LinkedIn	1.8K	2K-2.5K
IC.15	Nº clics totais en LinkedIn	4.7K	5K-5.5K
IC.16	Nº impresións totais en LinkedIn	88K	90K-95K
IC.17	Nº seguidores en LinkedIn	480	500-800
IC.18	Nº publicacións en LinkedIn	193	200-250
IC.19	Nº usuarios da web	4.1K	4.1K-4.5K
IC.20	Nº de visitas á web	4.7K	5K-5.5K
IC.21	Nº de países dende onde se visitou a web	80	80-85
IC.22	Nº de actividades de divulgación promovidas ou participadas	--	6
IC.23	Nº de persoas do CITMAGA que participan en actividades de divulgación	--	20
IC.24	Nº de produtos audiovisuais elaborados en CITMAGA (vídeos, podcast, etc.)	--	5
IC.25	Nº de elementos en Zenodo	--	50
IC.26	Nº xuntanzas realizadas	--	3-6
IC.27	Nº participantes nas xuntanzas	--	+60%

Esta definición inicial de indicadores permite o seguimento das accións propostas. En liña co que se recolle no plan de igualdade do CITMAGA, serán obxecto de seguimento diferenciado por xénero os indicadores que proceda.

Anexo I. Benchmarking con outros centros

Neste anexo ofrecemos unha pequena análise da presenza en redes sociais e as súas formas de publicar contidos e interactuar cos usuarios dos distintos centros de investigación revisados no benchmarking incluído no Plan de Comunicación CITMAGA 2023-2025.

A finalidade desta referencia é analizar as fortalezas e debilidades de proxectos que poidan ter puntos en común co ámbito de aplicación e liñas de actuación do CITMAGA nos seus contidos nas redes sociais. Desta maneira, CITMAGA poderá levar a cabo unha estratexia comunicativa que sirva como centro de referencia internacional matemática no contexto global. As redes sociais funcionan como escaparate e carta de presentación para a comunidade científica en particular para a sociedade e institucións en xeral, de aí a relevancia de observar prácticas previas e revisar o seu comportamento.

Instituto de Ciencias Matemáticas (ICMAT)					
Redes	Facebook	X	Instagram	Youtube	LinkedIn
Frecuencia publicación	Último post hoxe (30/11/23)	Último post (28/11/23)	Último post (27/11/23)	Fai un mes	Último post (27/11/23)
Seguidores	31.000	30.600	1.279	3.790	791
Interaccións	Post	Post	Post	Vídeos	Post
Idiomas	Español	Español	Español	Español	Español



Cunha alta taxa de actividade, o Instituto de Ciencias Matemáticas (ICMAT) está moi activo en todas as súas canles de comunicación a través de publicacións frecuentes e diarias. ICMAT conta con persoal propio especializado en comunicación e divulgación. Asemade, teñen establecidas colaboracións periódicas con El País e The Conversation. A escala autonómica, dende CITMAGA tratarase de establecer comunicación cos medios (de prensa escrita, televisión e radio) para converternos no seu referente no ámbito das Matemáticas.

Basque Center for Applied Mathematics (BCAM)			
Redes	X	Youtube	LinkedIn
Frecuencia publicación	Último post hoxe (30/11/23)	Último vídeo (29/11/23)	Último vídeo hoxe (27/11/23)
Seguidores	2.234	258	2574
Interaccións	Post e retweets	Vídeos	Post
Idiomas	Inglés, español e euskera	Inglés	Inglés e español



Cunha alta taxa de actividade, o Basque Center for Applied Mathematics (BCAM) ten un contido de frecuencia diaria a través das súas canles de comunicación (X, Youtube e LinkedIn).

Anexo II. Seguimento de redes sociais

A través do análise dos seguidores nas redes sociais do CITMAGA e a comparativa realizada con outros centros de interese, podemos observar unhas tendencias:

Os resultados deste trimestre están claramente marcados pola presentación do proxecto de DICTIOMAGA, o cal tivo moi boa acollida nas redes sociais do CITMAGA. Neste sentido cabe destacar:

- A creación do perfil de Instagram do CITMAGA no último trimestre do ano 2023
- A revitalización da canle de Youtube do CITMAGA no último trimestre do ano 2023
- A alta taxa de visualizacións dos vídeos do proxecto de DICTIOMAGA en Youtube

DICTIOMAGA (Youtube)		
Título do vídeo	Data de publicación	Nº Visualizacións
Presentación	3 de outubro 2023	309
Gradiente	3 de outubro 2023	230
Simulación	10 de outubro 2023	138
Discretización	17 de outubro 2023	130
Equilibrio de Nash	24 de outubro 2023	134
Mediana	31 de outubro 2023	278
Xeodésica	7 de novembro 2023	152
Proporción Áurea	14 de novembro 2023	123
Total		1494

Desta forma, o formato de publicación que se fai é:

- 1) Publicación do vídeo en Youtube
- 2) Publicación dun reel en Instagram
- 3) Publicación dun vídeo curto en X no que se deriva ó usuario a unha páxina externa (á propia canle de Youtube).

Ademais, a inclusión das pequenas pímulas logrou atraer ós usuarios facendo posible que este tipo de tweets foran os máis reposteados do trimestre.

Pola súa banda, os logros do persoal do CITMAGA teñen moi boa acollida por parte da audiencia, facendo posible que a mención a este tipo de *casos de éxito* por parte do noso persoal segue a ser fundamental na estratexia de comunicación nas redes sociais.

Por outra parte, LinkedIn consolídase como unha rede clave na estratexia comunicativa do CITMAGA, facendo posible que co aumento de seguidores se considere a posición de CITMAGA como centro de referencia matemática.

Por último, actualmente estamos traballando no novo proxecto audiovisual, o “Consultorio VídeoMatemático” no que se seguirá a empregar as redes sociais como mecanismo de comunicación e divulgación de contidos por parte do CITMAGA.